

ETAPAS EVOLUTIVAS DA ESCRITURA

I. ETAPAS PRESILÁBICAS OU INDETERMINADAS.

Non relacionan a escritura coa pauta sonora da fala.

Indiferenciadas	ETAPA 0 ETAPA I	• Non diferenciación entre icónico e non icónico. • Non diferenciación entre debuxar e escribir. • Diferencian entre icónico e non icónico. • Non diferencian entre grafías de números e grafías de letras.
Diferenciadas	ETAPA II <i>A escritura é un obxecto substituto como pode ser o debuxo.</i>	Diferencian entre o que serve para ler (grafías de letras) e o que serve para contar (grafías de números). Elaboran as seguintes hipóteses como requisito para que “algo” sirva para ler: ❖ Hipóteses de Cantidade: mínimo de 3 letras e máximo de 8. ❖ Hipóteses de Variedade: as grafías teñen que ser diferentes. ❖ Descubren a arbitrariedade do signo. ❖ Expresan as diferenzas de significado variando: ▪ A cantidade de letras ▪ O repertorio ▪ A orde en que as poñen

II. ETAPAS SILÁBICAS

Por primeira vez relacionan a escritura coa pauta sonora da fala.

ETAPA III Silábico-cuantitativa ou silábica sen valor sonoro convencional	Traballan coas hipóteses xa elaboradas e ademais incorporan unha nova: ❖ Recorte silábico: escriben unha letra por cada sílaba que ten a palabra pero válelles calquera grafía. Aínda non descubriron a convencionalidade e só teñen en conta a cantidade.
ETAPA IV Silábico-cualitativa ou silábica con valor sonoro convencional	Incorporan unha nova hipótese: ❖ Convencionalidade: realizan xa correspondencia cualitativa e cuantitativa. Non serve calquera letra para calquera son. Pode aparecer tanto a vogal como a consoante.

III. ETAPAS POSTERIORES

ETAPA V Silábico-alfabética	Mesturan escrituras silábicas con outras xa fonéticas (alfabéticas).
ETAPA VI Alfabética	Escrituras totalmente alfabéticas pero sen normas ortográficas. Non teñen problemas coa comprensión do código.

A partir deste momento enfrentaranse a problemas como:

- ❖ Separación de palabras.
- ❖ Normas ortográficas.